


INFORME DE COORDINACIÓN

Curso 2016/2017

R1 DO-0201 P1



INFORME DE ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

Índice

I.	Información xeral	2
II.	Coordinación	2
III.	Accións de coordinación	2
	3.1. Calendario para xestión da planificación e desenvolvemento do ensino	2
	3.2. Accións e reunións de coordinación	3
	3.3. Revisións guías docentes (DocNet)	5
	3.4. Accións de mellora	5
IV.	Conclusións	6
V.	Anexos	7

I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Grao en Xeografía e Historia (plan vello 2009) Grao en Xeografía e Historia (plan novo 2014 - semipresencial)
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Historia
Títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade(s) participante(s)	
Curso de implantación	plan vello 2009/2010 plan novo 2014/2015

II. COORDINACIÓN

Coordinación de título	M ^a Beatriz Vaquero Díaz
Coordinadores de curso	

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

3.1. CALENDARIO XESTIÓN DA PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

TAREFA	RESPONSABLE	DATAS
Aprobación PDA	equipo decanal	XC 24/02/2017
Aprobación POD	departamento	CDH05 26/04/2017
Aprobación Calendario Escolar	equipo decanal	XC 23/06/2017
Horarios e actividades	equipo decanal	XC 23/06/2017
Calendario Exames	equipo decanal	XC 23/06/2017
Revisión Guías Docentes	coordinadora titulación	18/05/2017 - 27/06/2017
Revisión Guías Docentes	coordinadores materias	29/05/2017 - 16/06/2017
Aprobación Guías Docentes	coordinadora titulación	XC 29/06/2016
Elaboración cursos virtuais Moodle	coordinadores materias	03/07/2017 en adiante
Revisión cursos virtuais Moodle	coordinadora titulación	01/09/2018 en adiante
Reunións estudantes	equipo decanal	ao longo do curso
Aprobación informe coordinación	comisión calidade	pendente 09/2017
Aprobación informe coordinación	equipo decanal	pendente 09/2017

3.2. ACCIÓNS E REUNIÓNS DE COORDINACIÓN

1. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS POLO EQUIPO DECANAL

- Reunións da decana cos representantes do alumnado do grao para recoller as súas suxestións, queixas e parabéns. A coordinadora da titulación foi invitada a asistir a aquelas reunións nas que se trataron temas que afectaban á docencia e atención personalizada.
 - Reunións cos representantes da delegación de alumnado e delegados de curso: 28/09/2016, 19/10/2016, 13/02/2017 e 15/05/2017.
 - Reunión co alumnado non presencial: 19/10/2016 e 29/03/2017.
- 14/06/2017: Reunións do equipo decanal co profesorado para coordinar os horarios e as actividades de materias organizadas polo centro.

2. ACCIÓN DE MELLORA DERIVADAS DAS QUEIXAS E PETICIÓNS DO ALUMNADO

- 17/03/2017: Na reunión co alumnado semipresencial os seus representantes presentaron queixas sobre os contidos dos cursos moodle e o desenvolvemento da docencia de algunhas materias.
En resposta ás súas peticións a coordinadora de grao (M^a Beatriz Vaquero Díaz) redactou unha guía sobre a estrutura e contidos básicos que deben ter os cursos moodle que se detallan a continuación:

PRINCIPIOS BÁSICOS

A atención ao alumnado semipresencial depende do profesorado e non dos seus compañeiros presenciais.

En ningún caso poden ser tratados como estudantes de segunda que non veñen a clase porque non queren ou porque non lles interesa a materia.

Os apuntamentos xerados nas aulas non son unha opción docente que o profesorado poida recomendar.

Dende principio de curso as materias Moodle deben estar completas e, salvo excepcións momentáneas para actualizalas, abertas para que o alumnado poida utilizar os materiais que conteñen.

Todos os contidos aos que o alumnado presencial accede a través das aulas, deben ofrecerse aos non presenciais nalgún destes formatos:

- Presentacións Power-Point utilizadas en clase ou creadas especificamente
- Gravacións e-Meeting ou UVigo-TV
- Ficheiros de texto

ESTRUTURA DA MATERIA EN MOODLE

Actividades introductorias

Temarios

Traballos

Tarefas

Exames (parciais - finais):

- materia que entra
- probas que inclúen

Porcentaxes de avaliación que vai recibir cada proba (vide guía docente)

Cronograma

Planificación da materia con especial atención ás tarefas, exercicios e exames

Unidades temáticas:

Teoría: materiais necesarios para estudar aos contidos teóricos máis aló da bibliografía xeral:

- PowerPoint utilizado en clase
- Bibliografía específica (un capítulo, algunhas páxinas dun libro, un artigo)
- Materiais creados polo profesorado (pdf, libro moodle...)
- Gravacións e-Meeting, UVigo-TV

Tarefas: recensións, comentarios de texto ou imaxes, exercicios, entrega traballos, etc. Deben permitir preparar as probas incluídas nos exames para o cal é imprescindible que se corrixan. As opcións para a súa corrección son:

- Corrección individual para os exercicios de cada alumnado (preferible)
- Autocorrección: entrégase o resultado completo ao alumnado, escrito ou gravado (enlace a gravación e-Meeting)

Cuestionarios: permiten o estudo, a realización de probas e a súa autocorrección sen presenza do profesorado (boa opción para cualificar a participación activa)

- 30/03/2017: aprobación da guía na Comisión de Calidade.

3. REUNIÓN DA COORDINADORA DO TÍTULO CO PROFESORADO DA TITULACIÓN

- 14/06/2017: Reunión da coordinadora do título co profesorado das materias para tratar accións de elaboración de guías docentes e de mellora da docencia semipresencial do grao para o curso 2017/2018 (Anexo 1).
- 02/02/2017 - 08/06/2017: A coordinadora mantivo reunións formativas e de orientación con profesorado do grao co fin de mellorar a docencia semipresencial sobre: cursos virtuais Moodle e aulas e-Meeting (Anexo 2)

4. REUNIÓN DOS RESPONSABLES DE COORDINACIÓN DA MATERIA CO PROFESORADO QUE AS IMPARTE

- 13/09/2016, 15/12/2016, 17/01/2011, 16/05/2017, 06/06/2017, 13/06/2017: Reunións da profesora Elena de Uña Álvarez (coordinadora) co profesor Miguel Ángel Álvarez Vázquez, para planificación das materias e actividades da área de Xeografía.

(Anexo 3)

3.3. REVISIÓN GUÍAS DOCENTES [DOCNET]

- 18/05/2017 - 26/05/2017: Primeira revisión da coordinadora da titulación das guías docentes do Grao en Xeografía e Historia do curso 2017/2018. Solicitouse o emborcado das materias de 4º curso do plan novo (2014) dende as súas equivalente do plan vello (2009-2017). Revisada a adecuación das competencias e resultados da aprendizaxe á memoria da titulación, procedeuse ao bloqueo deses dous apartados.
- 26/05/2017: Correo da coordinadora da titulación (M^a Beatriz Vaquero Díaz) a todo o profesorado do Grao en Xeografía e Historia, coas instrucións para a revisión das guías docentes. Xunta o correo enviáronse tres documentos de traballo (Anexo 4):
 - DocNet Instrucións
 - Cadro de materias grao: bloques de materias e materias individuais
 - Fichas de traballo da materias: competencias, resultados de aprendizaxe, actividades formativas e sistemas de avaliación
- 29/05/2017 - 16/06/2017: Revisión e modificación das guías docentes do Grao en Xeografía e Historia do curso 2017/2018 polo profesorado.
- 19/06/2017 - 27/06/2017: Segunda revisión da coordinadora da titulación das guías docentes do Grao en Xeografía e Historia do curso 2017/2018, na que se realizou a comunicación e subsanación de erros mediante reunións e correos electrónicos co profesorado.
- 29/06/2017: Aprobación en Xunta de Centro das guías docentes do Grao en Xeografía e Historia do curso 2017/2018.

3.5. SESIÓN FORMATIVAS

- 23/11/2016-24/11/2016: Realizáronse catro sesións para a formación en servizos de UvigoTV para a docencia:
<http://tv.campusdomar.es/series/585172f21f56a8455b3635bf>

3.5. ACCIÓNS DE MELLORA

- **26/06/2017-06/07/2017:** Revisión dos cursos virtuais Moodle das materias do Grao en Xeografía e Historia do plan 2014 e subsidiariamente do plan 2009 sen docencia pero con dereito a exame (Anexo 5).
- **2016/2017:** iniciouse en colaboración coa UvigoTV un programa de gravación das aulas das materias do Grao.

IV. CONCLUSIÓNS

Os traballos de coordinación do curso 2016/2017 centráronse na mellora da docencia non presencial, profundizando nas liñas de traballo iniciadas no curso pasado, sobre todo no relativo ás disfuncións que apareceron na atención ao alumnado semipresencial nalgunhas materias.

Problemas que, denunciados polos estudantes, deron lugar á elaboración dunha guía sobre a estrutura e contidos básicos que deben ter os cursos moodle para satisfacer as necesidades docentes do alumnado que non pode asistir ás aulas. Discutida e aprobada na Comisión de Calidade a guía foi posteriormente tratada nas sesións de traballo sobre as guías docentes e os cursos moodle co fin de que o profesorado incorporara as súas directrices á elaboración das materias que imparte.

Moito mellor resultado tivo a unificación nun só curso moodle das materias idénticas dos dous plans de estudo do Grao en Xeografía e Historia, que permitiu que o alumnado de ambas materias se inscribise nun único curso.

Respecto ás aulas virtuais e-Meeting e pese aos ofrecementos de titorías online que realizou o profesorado, o nivel de participación do alumnado foi en xeral moi baixo, polo que no próximo curso haberá que traballar na mellora dos índices de utilización deste recurso.

Por último, durante o mes de novembro de 2016 persoal da UvigoTV impartiu un curso de formación para a gravación da docencia, a partir do cal habilitouse a aula 2.1 que foi utilizada durante o segundo cuadrimestre para iniciar a gravación das materias da titulación. Durante a programación do curso 2017/2018 planificouse a gravación de novas aulas que faciliten a aprendizaxe do alumnado, en especial do semi-presencial.

V. ANEXOS

Anexo 1: Reunión coordinación de grao co profesorado da titulación



**Anexo_1_Reunion_
Coordinacion_Grao_**

Anexo 2: Reunións da coordinadora de titulación co profesorado das materias



**Anexo_2_Reunions_
coord_titul_profeso**

Anexo 3: Partes de reunións de coordinación de materias



**Anexo_3_Reunion_c
oord_materias_Xeog**

Anexo 4: DocNet Instrucións / Cadro materias grao / Fichas traballo materias (correo)



**Anexo_4-1_DocNet_
instrucons_2017_20**



**Anexo_4-2_DocNet_
Cadro_materias_201**



**Anexo_4-3_DocNet_
correo_materiais_26**

Data: 19 de xullo de 2017

Responsable do título: M^a Beatriz Vaquero Díaz

Asdo.: M^a Beatriz Vaquero Díaz

ANEXO 1

Reunión coordinación de grao co
profesorado da titulación

REUNIÓN COORDINACIÓN GRAO EN XEOGRAFÍA E HISTORIA

O vindeiro mércores, día **14 de xuño** de 2017, convócase ás **12:00** h. na Sala de Profesores do Edificio Facultades ao profesorado do grao que impartirá docencia no curso 2017/2018.

COA SEGUINTE ORDE DO DÍA:

- 1.- Resolución de dúbidas sobre as guías docentes (DocNet)
- 2.- Normativa cursos Moodle (*vide* documento *Docencia semipresencial – Moodle*)
- 3.- Rolda de intervencións.

Ourense, 8 de xuño de 2017

A Coordinadora do Grao:





Asdo.: M^a Beatriz Vaquero Díaz

**REUNIÓN COORDINACIÓN 14/06/2017
GRAO EN XEOGRAFÍA E HISTORIA
(DOCNET//MOODLE)**

ASISTENTES

NOME	SINATURA
Yolanda Barrioconel	
Ferun Pérez Losada	
Franco J. Pérez Acuña	
Miguel Ángel Álvarez Vázquez	
Elena De Unzu Álvarez	
Beatriz Comendador	
ANTONIO PRESEDO GIBRAZO	
ANGEL DOMINGUEZ WÓPEZ	
ALBERTO VALÍN FIDEL	
MARINA JOSE FARIÑA BUSTO	

IRIA SOUTO CASTRO	
CARLOS A. PATIÑO ROMÁN	

GRAO EN XEOGRAFÍA E HISTORIA

PRINCIPIOS BÁSICOS DA MODALIDADE SEMIPRESENCIAL

A non asistencia as aulas está previamente xustificada e constitúe, a maioría das veces, a razón da súa vinculación co noso grao; polo tanto, en ningún caso poden ser tratados como estudantes de segunda, nin presupoñer que elo responde a unha opción persoal ou a unha falta de interese da materia.

A atención e o subministro do material docente ao alumnado semipresencial depende do profesorado e non dos seus compañeiros presenciais. Polo tanto o profesorado non pode recomendar como opción para obter o material docente os apuntamentos do estudantado presencial.

Dende principio de curso as materias Moodle deben estar completas e, salvo excepcións momentáneas para actualizalas, abertas para que o alumnado poida utilizar os materiais que conteñen.

Todos os contidos aos que o alumnado presencial accede a través das aulas, deben ofrecerse aos non presenciais nalgún destes formatos:

- Presentacións Power-Point utilizadas en clase ou creadas especificamente
- Gravacións e-Meeting ou UVigo-TV
- Ficheiros de texto

ESTRUTURA RECOMENDADA PARA A MATERIA EN MOODLE

Actividades introductorias

Temarios

Traballos

Tarefas

Exames (parciais – finais):

- materia que entra
- probas que inclúen

Porcentaxes de avaliación que vai recibir cada proba (vide guía docente)

Recoméndase subir un modelo de exame, xa que habitualmente se explica na aula con detalle. Se houberse algunha proba a resolver, tamén sería útil amosar a súa resolución.

Cronograma

Planificación da materia con especial atención ás tarefas, exercicios e exames. Sempre debe especificarse se hai diferencias entre as modalidades

Unidades temáticas:

Teoría: materiais necesarios para estudar aos contidos teóricos máis aló da bibliografía xeral

- PowerPoint utilizado en clase
- Bibliografía o máis específica posible (un capítulo, algunhas páxinas dun libro, un artigo)
- Materiais creados polo profesorado (pdf, libro moodle...)
- Gravacións en e-Meeting ou en UVigo-TV (xa temos a aula 2.1 acondicionada para elo)

Tarefas: recensións, comentarios de texto ou imaxes, exercicios, entrega traballos, etc. Deben permitir preparar as probas incluídas nos exames para o cal é imprescindible que se corrixan. As opcións para a súa corrección son:

- Corrección individual para os exercicios de cada alumnado (preferible)
- Autocorrección: entrégase o exercicio resolto completo, escrito ou gravado (enlace a gravación e-Meeting)

Cuestionarios: permiten o estudo, a realización de probas e a súa autocorrección sen presenza do profesorado (boa opción para cualificar a participación activa)




ANEXO 2

Reunións da coordinadora de titulación
co profesorado das materias

MODELO PARTE DE REUNIÓN FORMATIVA COORDINACIÓN – PROFESORADO

Universidade de Vigo	PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO E O CONTROL DA COORDINACIÓN	Facultade de Historia	CURSO ACADÉMICO: 2016/2017
----------------------	--	-----------------------	--------------------------------------

COORDINADORA DO GRAO EN XEOGRAFÍA E HISTORIA: **M^a Beatriz Vaquero Díaz**

REUNIÓN (DATA-HORA)	PROFESORES	TEMÁTICA DA REUNIÓN
02/02/2017 10:00 h.	Antonio Prado 	Traballo sobre plataformas Fosinc e e-meeting.
15/02/2017 12:00 h.	Carlos Patiño 	Traballo sobre plataformas Fosinc.
08/06/2017 12:00 h.	Néstor Domínguez 	Moodle: gravación, cronogramas, participación activa. DOCKET.

ANEXO 3

Partes de reunións de coordinación de materias

MODELO PARTE DE REUNIÓN COORDINACIÓN MATERIA— PROFESORADO MATERIA

Universidade de Vigo	PROCEDIMENTO PARA O SEGUIMENTO E O CONTROL DA COORDINACIÓN	Facultade de Historia	CURSO ACADÉMICO: 2016/2017
----------------------	--	-----------------------	--------------------------------------

COORDINADOR/A DA MATERIA:

REUNIÓN (DATA-HORA)	PROFESORES	TEMÁTICA DA REUNIÓN
2016-09-13 (16 hs)	Elena De Uña Álvarez Miguel Ángel Álvarez Vázquez 	Planificación Cuatrimestre 1
2016-12-15 (16 hs)	Elena De Uña Álvarez Miguel Ángel Álvarez Vázquez 	Revisión Cuatrimestre 1
2017-01-17 (16 hs)	Elena De Uña Álvarez Miguel Ángel Álvarez Vázquez 	Planificación Cuatrimestre 2
2017-05-16 (16 hs)	Elena De Uña Álvarez Miguel Ángel Álvarez Vázquez 	Revisión Cuatrimestre 2
2017-06-06 (16 hs)	Elena De Uña Álvarez Miguel Ángel Álvarez Vázquez 	Docnet 2017-2018
2017-06-13 (16 hs)	Elena De Uña Álvarez Miguel Ángel Álvarez Vázquez 	Planificación 2017-2018

ANEXO 4

DocNet Instrucións
Cadro materias grao
Fichas traballo materias (correo)

GRAO XEOGRAFÍA E HISTORIA

NOVIDADES DOCNET 2017/2018:

BIBLIOGRAFÍA

Nas guías docentes do próximo curso debes utilizar o editor para introducir cada referencia bibliográfica.

Esta é a última vez que aparecerá o cadro de texto e poderemos aproveitalo para copiar e pegar as referencias no editor.

Se marcadés a referencia como básica (á dereita) a biblioteca marcará a obra e a enlazará no catálogo coa materia e co profesorado que a incluíu.

Autor/a	Título	Num. Edición	Editorial	Ano Publicación	Publicado en	Tipo recurso	Básica
Alía Miranda, F.	Fuentes de información para historiadores: obras de referencia y bibliográficas		Trea	1998	Gijón	Libro	<input type="checkbox"/>

Bibliografía básica

Alía Miranda, F. (1998). *Fuentes de información para historiadores: obras de referencia y bibliográficas*. Gijón, Trea. OUR 930/19

Brocos Fernández, J. M.; Ortiz de Landázuuri, C. (2006). "Métodos de búsqueda en fuentes de información en ciencias sociales y humanidades", *Aracne. Revista electrónica de recursos en Internet sobre Geografía y Ciencias Sociales*. [En liña] Universitat de Barcelona <http://www.ub.es/geocrit/aracne/aracne-083.htm> [Consulta 19/06/2009]

Carrizo Sainero, G.; Irureta-Goyena Sánchez, P.; López de Quintana Sáenz, E. (2000): *Manual de fuentes de información*. Madrid, Confederación Española de Gremios y Asociaciones de Libreros. OUR 02 /128

Cómo elaborar e interpretar referencias bibliográficas. [PDF en liña] Universidad de La Rioja <http://biblioteca.unirioja.es/bdg/bdgcitas.pdf> [Consulta 19/06/2009]

Autor/a	Título	Num. Edición	Editorial	Ano Publicación	Publicado en	Tipo recurso	Básica
---------	--------	--------------	-----------	-----------------	--------------	--------------	--------

Número edición (1ª, 2ª...)

Libros: lugar de edición
Artigos: título e volume da revista
Recursos web: URL

- Artigo
- Artigo
- Base de datos
- Catálogo
- Diccionario
- Docum. de traballo
- Enciclopedia
- Libro
- Norma/patente
- Outro
- Portal temático
- Prensa
- Publicación oficial
- Recurso audiovisual
- Recurso electrónico
- Revista
- Tese

LINGUA

Se ao revisar as guías cambiades algún texto nun dos idiomas, lembrade que debedes cambialo tamén no outro.

galego publicado	castellano non publicado	english non publicado	
DATOS IDENTIFICATIVOS			
Materia	Paleografía		
Titulación	Grao en Xeografía e Historia		
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso
	6	OB	2
Lingua impartición	Cuadrimestre		
	1c		
	Selecciona	+	
	Castelán	-	
	Galego	-	

COMPETENCIAS | RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Tanto o apartado de competencias como o de resultados de aprendizaxe apareceranvos con bloqueados.

Se queredes ou necesitades cambiar algún deles, comunicádemo e analizaremos se é posible.

galego publicado	castellano non publicado	english non publicado					
DATOS IDENTIFICATIVOS							
Materia	Paleografía		Código	002G251V01305			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia						
Descritores	Cr.totais	Cr.Teoría	Cr.Prácticos	Carácter	Curso		
	6	6	0	OB	2		
Paso 1: Competencias		Paso 2: Resultados de aprendizaxe		Paso 3: Contidos			
Paso 4: Planificación docente		Paso 5: Metodoloxía docente		Paso 6: Atención personalizada			
Paso 7: Avaliación		Paso 8: Bibliografía. Fontes de información		Paso 9: Recomendacións			
Paso 10: Enviar guía docente ao coordinador da titulación							
? Consigna	? Axuda	✉ Consultas					
Resultados de aprendizaxe (Bloqueados)				CB	CG	CE	CT
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes e das interpretacións historiográficas				CG3	CE17	CT1	CT2
						CT5	CT7

PLANIFICACIÓN E AVALIACIÓN

Se queredes cambiar a planificación e/ou a avaliación consultade as horas e porcentaxes de cualificación asignadas ás actividades formativas e aos sistemas de avaliación na memoria, que vos envío ao final da ficha de cada bloque de materias:

ACTIVIDADES FORMATIVAS	HORAS	PRESENCIALIDADE
Sesións teóricas	15	10
Actividades dirixidas	25	10
Titorías e avaliación	10	6
Traballo autónomo do alumno	100	0

SISTEMAS DE AVALIACIÓN	PONDERACIÓN MÍNIMA	PONDERACIÓN MÁXIMA
Probos de desenvolvemento	0	40
Traballos	0	50
Participación activa	0	10

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Igual que no curso pasado **cada metodoloxía docente** á que lle adxudiques **“Atención personalizada”** terá un **espazo propio** para describir en que consistirá.

Sería desexable que incluíades nesas descrições os **recursos** que ides utilizar para atender ao alumnado. Lembra que, ademais de **FaiTic**, contamos cun **aula e-meeting persoal** para atender ao alumnado non presencial.

Na captura de pantalla que vos inclúo tedes un posible exemplo de como incluír os distintos tipos de atención personalizada.

Paso 1: Competencias	Paso 2: Resultados de aprendizaxe	Paso 3: Contidos
Paso 4: Planificación docente	Paso 5: Metodoloxía docente	Paso 6: Atención personalizada
Paso 7: Avaliación	Paso 8: Bibliografía. Fontes de información	Paso 9: Recomendacións
Paso 10: Enviar guía docente ao coordinador da titulación		

? Consigna ? Axuda ? Consultas



Metodoloxías	Descrición
Seminarios	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais xerados polas actividades de lectura, transcripción, datación, edición e elaboración de índices. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e no seminario de informática da facultade. ALUMNADO NON PRESENCIAL: aula e-meeting (enlace FaiTic).
Titoría en grupo	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, a metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios e revisión das probas de avaliación escritas. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e no seminario de informática da facultade. ALUMNADO NON PRESENCIAL: aula e-meeting (enlace FaiTic).

AVALIACIÓN

No menú de avaliación ao situar o **cursor sobre as competencias** aparece o texto para facilitar o manexo.


Neste apartado **sería aconsellable conservar**, na medida do posible, a **vinculación** que establecimos o curso pasado entre:

metodoloxías / resultados de aprendizaxe / competencias


Probas		Planificado: Pendente:	
		%	100% 0%
Metodoloxías	Descrición	Cualificación	Competencias Avaluadas
	<p>O alumnado deberá datar, rexeitar e transcribir un documento manuscrito.</p> <p>Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.</p> <p>Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto</p>	50%	CB5 CG6 CE17 CE23 CT2 CT14 <div style="border: 1px solid black; padding: 2px; width: fit-content;">Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica</div>
	<p>O alumnado deberá resolver e explicar exercicios sobre datación documental e desenvolvemento de abreviaturas realizados sobre fontes manuscritas.</p> <p>Probas de resposta curta</p> <p>Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes e interpretacións historiográficas.</p>	40%	CG3 CE17 CT1 CT2 CT5 CT7

Lembrede que no 10% da cualificación destinado no plan novo á **“Participación Activa”** debe **desaparecer calquera mención á presencialidade.**

Algunhas opcións para avaliar ese 10% serían as vinculadas ao traballo autónomo do alumnado, por exemplo:


	<p>Resolución de problemas e/ou exercicios</p> <p>Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado, a través da realización e presentación de tarefas de búsqueda, normas de edición e elaboración de índices sobre fontes manuscritas.</p> <p>Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación oral e escrita de traballos monográficos individuais ou colectivos baseados en fontes e bibliografía específicas.</p>	10%	CB4 CG6 CE17 CE18 CT2 CT6 CT11 CT14
---	---	-----	--

ou:

	<p>Probas de autoavaliación</p> <p>Valoración do traballo autónomo do alumnado mediante a realización de cuestionarios sobre os contidos da materia a través de Moodle.</p> <p>Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Dominio dos instrumentos de recompilación de información en Humanidades.</p>	10%	CB3 CB5 CG6 CE18 CE23 CT1 CT5 CT11
---	--	-----	---

MATERIAS DE 4º CURSO DO PLAN NOVO

Incluir en Outros comentarios e avaliación de xullo a seguinte cláusula referida á semipresencialidade:



Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continua, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante ...

[por exemplo: *mediante unha proba escrita que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará o 30% desta.*]

GRAO EN XEOGRAFÍA E HISTORIA – CURSO 2017/2018

BLOQUE MATERIAS	MATERIAS INDIVIDUAIS
01.-Formación básica en Historia	Metodoloxía da Historia Introdución á Historiografía Introdución á Etnoloxía Teoría e método da Arqueoloxía
02.-Formación básica en Xeografía	Espazos e Sociedades Fundamentos de Xeografía Física Fundamentos de Xeografía Humana
03.-Formación básica en Historia da Arte	Arte Clásica Linguaxes e Técnicas Artísticas
04.-Fontes Información Humanidades	Fontes de Información en Humanidades
05.-Inglés para Humanidades	Inglés para Humanidades
06.-Historia Universal	Prehistoria Universal Historia Antiga Universal Historia Medieval Universal Historia Moderna Universal Historia Contemporánea Universal Mundo Actual
07.-Historia da Arte	Historia da Arte Medieval Historia da Arte Moderna Historia da Arte Contemporánea
08.-Historia de América	Historia de América Precolombina e Colonial Historia de América Contemporánea
09.-Historia de España	Historia Contemporánea de España Historia Moderna de España Historia Medieval da Península Ibérica Historia Antiga da Península Ibérica Prehistoria Medieval da Península Ibérica
10.-Formación instrumental en Xeografía	Sistemas de representación xeográfica Xeografía aplicada: territorio e paisaxe
11.-Disciplinas instrumentais da Historia	Paleografía Arqueoloxía Aplicada Diplomática e Arquivística
12.-Ampliación temática da Historia	Mentalidade, identidade e cambio social Historia das relixións Historia do poder e das institucións
13.-Historia e territorio propios	Prehistoria do Noroeste da Península Ibérica Historia Antiga do Noroeste da Península Ibérica Historia Medieval de Galicia Historia Moderna de Galicia Historia Contemporánea de Galicia Historia da Arte de Galicia Xeografía de Galicia
14.-Lingua e Cultura Clásica	Introdución á Lingua e Literatura Latinas
15.-Prácticas	Prácticas
16.- Tráballo Fin Grao	Tráballo Fin Grao

Beatriz Vaquero

De: Bea Vaquero <mdiaz@uvigo.es>
Enviado el: venres 26 maio 2017 18:07
Para: Elena de Uña; Ladislao Castro (castro@uvigo.es); Ángel Domínguez López; Beatriz Figueroa Revilla; Victoria Fernández Carballo-Calero; Carlos Sixirei (sixirei@uvigo.es); Carlos Patiño Romarís; Alberto Valín Fernández; 'fermin@uvigo.es'; Susana Reboreda Morillo (rmorillo@uvigo.es); 'Iria Souto Castro'; Francisco J. Pérez Rdz. (fjperez@uvigo.es); Beatriz Vaquero; Antonio Presedo; María López (marial@uvigo.es); Jesús de Juana (jjuana@uvigo.es); Yolanda Barriocanal; Rosa Brañas; Miguel Ángel Álvarez Vázquez; 'MARIA JOSE FARIÑA BUSTO'; Julio Prada; 'Beatriz Comendador'; 'Adolfo Fdez Fdez'; 'Patricia Valle'
Asunto: DOCNET 2017/2018
Datos adjuntos: Parte_reunions_coord_materias_2016_2017.docx; cambios DOCNET 2017-2018.pdf; DocNet_instrucons_2017_2018.pdf; Cadro_materias_2017_2018.docx; 13 _DocNet_Coñecemento_Historia_territorio_propio.docx; 01 _DocNet_Formacion_Basica_Historia.docx; 02 _DocNet_Formacion_Basica_Xeografia.docx; 03 _DocNet_Formacion_Basica_Historia_Arte.docx; 04 _DocNet_Fontes_Informacion_Humanidades.docx; 05 _DocNet_Ingles_para_Humanidades.docx; 06_DocNet_Historia_Universal.docx; 07 _DocNet_Historia_Arte.docx; 08_DocNet_Historia_America.docx; 09 _DocNet_Historia_España.docx; 10 _DocNet_Formacion_Instrumental_Xeografia.docx; 11 _DocNet_Disciplinas_Instrumentais_Historia.docx; 12 _DocNet_Ampliacion_Tematica_Historia.docx; 16_DocNet_TFG.docx; 15 _DocNet_Practicas.docx

Ola a tod@s:

Xa podedes entrar na aplicación DocNet para cubrir as guías docentes do próximo curso. O prazo para que realicedes a [revisión das vosas materias](#) é do [29/05/2017](#) ao [16/06/2017](#).

Aproveitando a convocatoria sobre horarios e actividades docentes que realizará o centro, teremos unha reunión para poñer en común dúbidas, achádegos e ansiedades varias.

Este ano o único cambio obrigatorio nas guías está relacionado co apartado [8](#).
Bibliografía: [fontes de información](#) (*vide* Cambios Docnet 2017/2018).

Por último, se ao revisar as guías [cambiades](#) algún texto [nun dos dous idiomas](#) nos que están redactadas (galego e castelán), lembrade que [debedes cambialo tamén no outro](#).

Documentación básica:

- DocNet instrucións 2017-2018: inclúe instrucións sobre as novidades e recordatorios sobre outros apartados.
- Formulario de reunións de área para elaboración das guías docentes (deixar no meu casilleiro ou enviar escaneadas por correo electrónico).

Documentación complementaria:

- Cadro de materias: relación de materias e o bloque ao que pertecen para facilitarvos a localización das que imparte cada un de vós.
- Materias: materias agrupadas en bloques segundo a memoria da titulación, cos resultados de aprendizaxe, as competencias e o cadro coas actividades formativas e porcentaxes de cualificación da memoria do grao.

Saúdos e ánimo, Bea Vaquero